

Brasil, tan lonxe e tan perto. Lonxe da Galiza xeograficamente, mais tan perto dela do punto de vista lingüístico. E, porén, os libros que se publican nos dous países, mesmo os que tratan de temas estritamente lingüísticos, teñen escasa ou nula circulación nun e noutro lado respectivamente, o cal se converte nun sintoma de indiferenza ou ignorancia mutua, de que constitúen a excepción os catro volumes de *Estudos Galego-Brasileiros* elaborados colaborativamente por profesorado da Universidade Estadual de Rio de Janeiro e da Universidade da Coruña, o último dos cales leva significativamente por subtítulo *Lingua, Literatura, Identidade* (Maleval & Tato Fontaña 2010). Nin no Brasil existe xeral consciencia de a súa lingua oficial ter as orixes nun pequeno país do extremo occidental da Europa chamado a Galiza, nin nesta se valoriza e rendibiliza tal identidade lingüística común na procura de prestixio e proxección de futuro para a lingua propia. No entanto, algo parece estar mudando nesta Galiza de 2013 en que o Parlamento galego admite a trámite por primeira vez e por unanimidade unha Iniciativa Lexislativa Popular en prol da abertura do galego ao ámbito de expresión en lingua portuguesa que leva o nome de Valentín Paz Andrade, defensor da reintegración lingüística coas variantes do primitivo sistema formado na Gallaecia.

Neste contexto, adquire especial actualidade e oportunidade un libro publicado no Brasil en 2011 sobre as políticas da norma e os conflitos delas derivados, que está coorganizado por un profesor galego que exerce a docencia universitaria na Universidade Federal Fluminense (UFF) de Niterói, Xoán Carlos Lagares. Entre as quince colaboracións que reúne, dúas son de autores galegos que fan referencia directa á lingua galega, sendo tamén desde a óptica galega que se realiza a presentación do volume e a incluír o traballo que encerra o libro, da autoría de Marcos Bagno, o outro coorganizador do volume, referencias directas á Galiza e a súa lingua. É precisamente en situacións de conflito lingüístico como as que se dan aquí cando a cuestión normativa provoca exaltadas disputas públicas, embora entre nós tivesen o seu punto máis álxido nos anos oitenta e hoxe estean un tanto amortecidas polas mudanzas de 2003. De todas as formas, o conflito da norma do galego permaneceu en foco, polo menos, durante as tres últimas décadas e aínda hoxe está vigorante, de modo que unhas reflexións sobre o tema que nos chegan desde o outro lado do Atlántico, coa distancia por veces tan necesaria e tamén coa perspectiva doutras situacións semellantes en diferentes países e continentes, se tornan especialmente oportunas neste momento en que na Galiza necesitamos reorientar e redimensionar o debate normativo. Ao mesmo tempo,

é digno de se salientar que no mesmo ano en que se publica no Brasil este libro, na Galiza sae do prelo outro extenso e ben documentado volume de carácter teórico sobre a variación dialectal do galego, da autoría do profesor Sánchez Rei (2011). Ambos merecerían unha maior divulgación e coñecemento alén e aquén mar, pois se sempre se torna positiva a comunicación entre as sociedades científicas, máis o é cando se trata de comunidades que partillan un mesmo sistema lingüístico; unha mostra da importancia que desde a Galiza algunhas persoas vimos concedendo ás publicacións lingüístico-filolóxicas brasileiras dánola a primeira estilística sobre a lingua galega, recentemente publicada (Freixeiro 2013).

Non é por azar que a xénese deste libro se producise nunhas palestras sobre normativización lingüística que ao longo de 2008 organizaron o profesor Lagares e o Núcleo de Estudos Galegos –que funciona desde 1994 na UFF por convenio coa Xunta da Galiza– no Instituto de Letras desta universidade. Nese foro interviñeron diversos membros da comunidade académica brasileira que se debruzaron sobre aspectos relativos á estandarización en diversas linguas, co consecuente debate e reflexión sobre os procesos de elaboración do padrón lingüístico por que pasaron nalgún momento todas as linguas, embora sexan especialmente agudos en contextos diglósicos, como é o caso do galego. Ás persoas que participaron neste ciclo úníronse outros investigadores e investigadoras que contribuíron para unha visión máis abrangente do tema desde diferentes posicións teóricas. Deste modo, nos quince capítulos da obra analízanse situacións diversas onde se teñen xerado conflitos, tanto no interior dos estados como nas relacións internacionais, no proceso de construción das normas lingüísticas. O caso galego é un dos sometidos a análise, como se dixo, mais todos os demais son tamén de grande interese para o comprendermos mellor.

En xeral, o libro formula no seu conxunto a necesidade de mudarmos a perspectiva a respecto da abordaxe da cuestión da norma, nin sempre explicábel do punto de vista estritamente lingüístico e si máis propiamente como unha cuestión social e política, aspecto en que coinciden moitos dos autores e autoras participantes, inclusive desde posicións teóricas diferentes. Basicamente, as linguas sonnas presentadas neste volume como institucións sociais sometidas a debates e polémicas políticas, unhas veces como instrumentos de control social e outras de revolta, mais sempre a face- ren parte dunha realidade que as enforma. O conflito normativo existente na Galiza vén a demostrar con clareza ese carácter social e político do proceso de elaboración normativa, como tamén aconteceu e acontece no Brasil, e noutros estados da Europa como Franza, Alemaña ou Italia, ao se escoller a variante lingüística de certas elites como modelo de norma culta. Ora ben, tamén existen moitas diferenzas entre os procesos de construción da norma nunha situación de minorización lingüística, como é o caso do galego, e nos casos das grandes linguas dos estados. En canto nestas a norma discrimina as variantes faladas polas clases socialmente máis desfa-

vorecidas e desprotexidas, como máis unha forma de exclusión social das persoas que as utilizan (véxase, por exemplo, para o caso brasileiro Bagno 2001 e 2005), nunha situación de conflito diglósico como o que se vive na Galiza na realidade a que actúa socialmente como norma culta é a lingua A ou lingua dominante, neste caso o español, funcionando a lingua galega no seu conxunto, incluída a modalidade estándar, como unha variante vulgar, sen prestixio social, co problema acrecentado de a norma en proceso de construción ter de rexeitar moitos trazos da fala popular que son produto da interferencia do castelán como único remedio para evitar a desaparición do galego por disolución na lingua estatal, como máis unha variante desta. Tal diferenza é a que non fica suficientemente referenciada nin esclarecida no libro que estamos a comentar.

Após estas consideracións iniciais, repasarase a seguir o contido das diferentes partes de que consta o volume, comezando por indicar que o corpo central está constituído por dez capítulos –do cinco ao catorce– que analizan aspectos relativos a linguas concretas, en canto os catro primeiros tratan cuestións teóricas xerais e o último constitúe unha especie de avaliación resumatoria dos principais problemas postos en evidencia ao longo da obra. O primeiro capítulo intitúlase “Variação e norma linguística: subsídios para uma (re)visão” e ten por autor o galego Henrique Monteagudo; nel, após repasar a bibliografía relativa aos conceptos de norma e variación dun punto de vista crítico, diferencia entre a representación unitaria das linguas a partir dos padróns e a heteroxeneidade do uso, a se inclinar definitivamente pola defensa dun prescritivismo “funcional e ilustrado” que se caracterizaría polo relativismo, a gradación e a elasticidade, isto é, “um prescritivismo atento ao uso comum, e preocupado com que os padrões linguísticos não se afastem desnecessariamente dele” (p. 46).

O segundo capítulo, publicado orixinalmente en inglés no *Journal of Sociolinguistics* e traducido para portugués por Marcos Bagno, é da autoría de James Milroy e leva por título “Ideologias linguísticas e as consequências da padronização”, a constituír unha reflexión a respecto da ideoloxía subxacente na norma padrón como elemento modelar e forma lexítima que priva de tal condición as outras variedades (“outras formas se tornam, na mente do povo, ilegítimas”, p. 76); no estebelecemento de tal lexitimidade desempeñan un papel primordial os historiadores da lingua, segundo o autor, ao converteren a variedade padrón en parceira da gloria atinxida por un estado-nación ou mesmo por un grande imperio. O capítulo que segue este, da autoría de Thomas Daniel Finbow, volta a ollada para a antigüidade e a Alta Idade Media, como xa suxire o título –“A formação dos conceitos de ‘latim’ e de ‘romance’”– e, con base nas teorías de Roger Wright, pon en relevo os enfoques das análises aplicadas aos procesos resultantes do feito de o latín e as linguas neolatinas seren consideradas linguas diferentes, explorando a noción básica de elaboración

lingüística e o papel dos elementos gráficos na diferenciación das linguas; aliás, cuestión moito relevante para a análise da sempre polémica relación entre galego e portugués. Dáse fin aos capítulos introdutorios, de carácter teórico, con “A norma lingüística do punto de vista da política lingüística”, da autoría de Kanavillil Rajagopalan, que enfronta xa de forma máis directa o aspecto sociopolítico da norma por riba mesmo das consideracións puramente lingüísticas, idea que impregna, dunha ou doutra forma, o resto dos traballos do volume.

Son dez os capítulos centrais da obra que analizan procesos concretos de elaboración lingüística. Dous deles poñen o foco de atención no francés, o da autoría de Pierre Guisan (“A criação de uma norma-padrão em francês: entre planejamento político e mito”), centrado nas circunstancias históricas que propiciaron a conversión da variante escollida como “coine escrita” pola corte parisina en “bon français” primeiro e definitivamente en “francês padrão” (p. 141); e o de Eurídice Figueiredo (“O estatuto do francês no Quebec”), coa ollada posta na situación singular desta lingua no Canadá, a funcionar simultaneamente como factor identitario e como elemento de relación co mundo francófono. Outros dous traballos estudan o caso do español: por un lado, Consuelo Alfaro Lagorio trata en “Norma e bilingüismo no español americano: o caso andino” sobre o contacto lingüístico entre o quíchua e o castelán, coa situación de bilingüismo del derivada, e do proceso de institucionalización da lingua dos colonizadores; por outro lado, Adrián Pablo Fanjul analiza en “‘Policêntrico’ e ‘pan-hispánico’: deslocamentos na vida política da lingua española” a nova política internacional seguida polo español que, da man da Real Academia Española e de intereses económicos de empresas españolas transnacionalizadas, muda a súa defensa do tradicional policentrismo por unha especie de unicentrismo de carácter panhispánico, como xa se puxo en relevo nalgúns traballos incluídos en Valle (2007) que dedican especial atención á penetración do español no Brasil, igual que acontece no artigo de Fanjul. Precisamente sobre o portugués do Brasil tratan tamén outros dous capítulos deste libro que estamos a recensionar: o que se intitula “A redação do código civil: uma polêmica linguística, jurídica ou política?”, de Bethania Mariani, pon ao descuberto a tenue fronteira existente entre lingüística e política –e entre gramática e lei– a partir das polémicas xeradas nos finais do século XIX, nomeadamente entre Rui Barbosa e Ernesto Carneiro, con motivo da elaboración da primeira versión do Código Civil brasileiro; o traballo que leva por título “O Brasil entre a norma culta e a norma curta”, de Carlos Alberto Faraco, reflexiona sobre o papel político que ten desempeñado a lingüística na construción do imaxinario social sobre a norma no Brasil, onde a norma *culta* se transforma en norma *curta*, “um discurso categórico, uma contínua desqualificação do falante brasileiro”, que tivo “seu momento de glória com as diatribes de Rui Barbosa contra o texto do projeto do nosso primeiro Código Civil” (p. 274).

Hai neste volume outras catro linguas –galego, italiano, alemán e inglés– que son obxecto de análise do punto de vista da estandarización, con un único traballo para cada unha. Deixando de momento o galego á parte, Patrícia Alexandra Gonçalves é a autora de “De Babel a Pandora: crise, cultura e identidade no multilinguismo italiano”, que trata sobre un dos procesos máis curiosos de construción dunha norma lingüística, pois tendo aparecido xa na época medieval a “questione della lingua”, o italiano vai ser un dos últimos idiomas europeos en se conformar como lingua nacional. O traballo intitulado “O desenvolvemento da lingua alemá” é da autoría de Mônica Maria Guimarães Saavedra e ten por obxecto o proceso de padronización –tamén modelar en moitos sentidos– do alemán, tanto no ámbito da súa política interna (*Sprachpolitik*) canto na política de relación coas demas linguas (*Sprachenpolitik*), con especial atención ao contexto brasileiro. Non podía faltar nun volume deste tipo a cuestión da norma do inglés como lingua internacional, que é tratada por Sávio Siqueira en “*World Englishes, World English. Inglês como lingua internacional, inglês como lingua franca*”, onde tamén se presta atención ao caso brasileiro e se conclúe que son “muitos os ingleses” e que o inglés é “[l]íngua de todos, língua de ninguém” (p. 351).

O capítulo sobre o galego merece un tratamento singular porque nos afecta máis directamente. O seu autor é un dos dous organizadores do libro e responsábel pola “Apresentação” que o encabeza, o profesor Xoán Carlos Lagares. Leva por título “Minorías lingüísticas, normas e mercados. Uma reflexão a partir do galego” (pp. 169-192) e no esencial constitúe unha oportuna e lúcida reflexión a respecto da problemática delimitación dun espazo lingüístico propio para o galego, atrapado –case que fatalmente– entre o portugués e o español. Segundo o autor, que xa ten reflectido sobre este tema noutros foros, se o español é unha lingua supercentral sobre a cal gravita o galego, por súa parte o portugués podería constituír unha forza centrífuga con capacidade para o tirar fóra da constelación española, feito que vén a explicar a constante presenza da lingua portuguesa nos debates e proxectos normativizadores desenvolvidos na Galiza nos últimos séculos. Considera Lagares que a reivindicación política do galego, lexítima e necesaria, debe ir acompañada dunha maior abertura cultural ao mundo de expresión en portugués, “numa estratégia que fomenta a comunicación para além das fronteiras políticas e que ofereça aos falantes a inserção num contexto plurilingue mais amplo, a partir de sua própria variedade lingüística” (p. 189). Propón a exploración de alternativas creativas que rompan o bloqueio das linguas de Estado que aprisionan o galego, para o cal a relación directa co portugués pode ser moito útil, sen que supoña ningún perigo para el, antes ben unha oportunidade. Implícase o autor en primeira persoa e di que este “pode ser o noso actual desafío”. Nisto concordamos moitas persoas, mais o problema é encontrarmos os camiños e as estratexias, pois el mesmo advertiu previamente de que os

ideólogos da expansión do español como lingua internacional –e con eles os poderes político-económicos que gobernan o Estado, acrecento eu– queren todo o mercado lingüístico para si, sen se mostraren dispostos a partilláreno con outras linguas nacionais que eles senten como unha ameaza para o seu proxecto político e económico. Neste sentido, dificilmente van permitir que o galego dea pasos significativos para unha máis profunda relación co mundo de expresión portuguesa, a pesar da aprobación desa iniciativa lexislativa citada ao inicio destas letras. A non ser, claro está, que mude substancialmente a correlación de forzas políticas na Galiza, feito pouco probábel no curto e medio prazo cando menos.

Por último, o volume fecha cun traballo resumatorio, ou epílogo, de Marcos Bagno, coorganizador do volume e figura de prestixio consolidado no campo da (socio) lingüística brasileira, con importantes contributos bibliográficos que van tendo cada vez máis eco tamén entre nós. O título, como costuma ser habitual no autor, é ilustrativo e revelador: “O que é uma língua? Imaginário, ciência & hipóstase”. Nel vai repasando e sometendo a xuízo crítico os principais problemas levantados ao longo e largo dos diferentes capítulos do volume, baixo o prisma unificador do concepto de lingua padrón como hipóstase: “Essa língua construída, língua-sujeito, língua com alma, desejo e poder de decisão, seria aquilo que na filosofia se chama de *hipóstase*” (p. 358). Deixa ben en claro o autor que a concretización material dun modelo lingüístico normativo que ten apenas existencia mental se torna un instrumento de poder con importantes consecuencias político-sociais e culturais.

Eis un brillante final para unha obra plural e poliédrica sobre políticas normativas e conflitos lingüísticos que tanto interese presenta para a lingua galega e o seu sempre polémico proceso de estandarización. Por iso é merecente de divulgación e xeral coñecemento na Galiza.

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Referencias bibliográficas

- Bagno, Marcos (2001): *Dramática da língua portuguesa. Tradição gramatical, mídia & exclusão social* (São Paulo: Edições Loyola).
- Bagno, Marcos (2005): *A norma oculta. Língua & poder na sociedade brasileira* (São Paulo: Parábola).
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013): *Estilística da lingua galega* (Vigo: Xerais).

Maleval, M^a Amparo Tavares & Tato Fontaiña, Laura (eds.) (2010): *Estudos Galego-Brasileiros 4. Lingua, Literatura, Identidade* (A Coruña: Universidade da Coruña):

Sánchez Rei, Xosé Manuel (2011): *Lingua galega e variación dialectal* (Ames: Laiovento).

Valle, José del (ed.) (2007): *La lengua, ¿patria común? Ideas e ideoloxías del español* (Frankfurt am Main / Madrid: Vervuert / Iberoamericana).